

VALENTÍN PAZ-ANDRADE: POR UNHA IDEA ACTIVA DE GALICIA

Carlos Ramos Aguirre
Sociólogo

Resumo: Valentín Paz-Andrade (1898-1987) foi un intelectual galego polifacético e orixinal, destacando principalmente nos eidos do ensaio socioeconómico e na creación poética. Nos anos 30, antes da Guerra Civil española, foi xunto con Castelao, Otero Pedrayo e Risco un dos líderes do nacionalismo galego. Após da guerra dedica os seus esforzos á reivindicación da necesidade de desenvolver Galicia pola vía da modernización e da industrialización. Reclamou para o pobo galego o dereito a vivir dignamente na terra e denunciou as eivas que arrastraba o país, analizando con especial acerto o problema migratorio, a cuestión política e a febleza do investimento de capital en Galicia.

Abstract: Valentín Paz-Andrade (1898-1987) was a multi-faceted and original Galician intellectual, who stood out mainly in the fields of socio-economic essay and poetry creation. In the early '30s, before the Spanish Civil War, he was one of the leaders of Galician nationalism, together with Castelao, Otero Pedrayo and Risco. After the war, he dedicated his efforts to reclaiming the need for development in Galicia through modernization and industrialization. He claimed the right of a decent life in their own country for his people and denounced the shortages of Galicia, analysing with special success the migratory problem, the politic question and the weakness of capital expenditure in Galicia.

Palabras chave: Paz-Andrade, nacionalismo galego, socioeconomía.

Key words: Paz-Andrade, galician nationalism, socio-economy.

1. INTRODUCCIÓN: RACIONALIDADE E DISIDENCIA

Sen dúbida foi Paz-Andrade un intelectual de amplo espectro e pulo incesante. Avogado profesional, político por vocación, xornalista temperán, ensaísta lúcido en eidos que van do socioeconómico á crítica literaria e artística, poeta, empresario e senador. Ao longo da súa vida, sempre como testemuña privilexiada do acontecer

político e social de Galicia, acompañou o seu amor pola Terra cunha actividade de proxección internacional en calidade de experto en materia pesqueira que, da man de Bibiano F. Osorio-Tafall, levouno a un coñecemento e contacto ricaz con diversos países da América Latina¹, oportunidade que non desaproveitou para estreitar lazos coa Galicia da diáspora. Todas estas facetas da vida do noso autor veñen vencelladas polo fio condutor dunha idea anovadora de Galicia e por un afán inesgotable de indagación que o propio Paz-Andrade tería asumido dende un rol de elite cultural.

Alcumar a Paz-Andrade como unha “racionalidade disidente” é, amais dun atrevemento, o froito dunha visión persoal deste protagonista excepcional do século XX galego. A súa vida e a súa laboura intelectual, poboadas ambas de sucesos de distinta fasquía e resultado, vense fundamentalmente influenciadas polos trazos da racionalidade e da disidencia segundo se sostén neste traballo. A preeminencia da racionalidade sobre calquera outra capacidade en Paz-Andrade é un trazo da súa personalidade que semella preciso subliñar dende o primeiro momento. Esa racionalidade a ultranza e por intres transgresora, que se traduciu nunha intelixencia práctica –ou activa–, emparenta a Paz-Andrade cos valores, teimas e arelas do pensamento ilustrado dos séculos XVIII e XIX. Xa no ano 1977, co gallo da recepción de Paz-Andrade como membro numerario da Real Academia Galega, Álvaro Cunqueiro nun atinado discurso de resposta ao novo académico apuntaba o espírito ilustrado do noso autor (Paz-Andrade, 1978). Cunqueiro evoca nun evidente xogo de desorde cronolóxica o ilustrado José Cornide termando nas mans do libro *Sistema Económico de la Pesca en Galicia* (1958), reconcentrado en “lenta e preocupada lectura, sentado a carón d-unha fiestra que deixa ver o porto coruñés cos pesqueiros que aparelan para a costeira do bonito, ou zarpan para o Grande Sole”. E engade o de Mondoñedo: “Hai no cabaleiro da Ilustración Galega e en Valentín Paz-Andrade o mesmo espírito de estudo e de reforma”, rematando Cunqueiro por considerar que aínda nas postrimerías do século XX, o país está necesitado dos esforzos de mentes ilustradas como a de Paz-Andrade (Paz-Andrade, 1978: 208-209). Tamén Osorio-Tafall, o amigo de longo percorrido e destacado galego el mesmo, coloca a Paz-Andrade entre a nómina máis selecta dos ilustrados do país equiparándoo a Benito Feijóo, Martín Sarmiento e Ramón de la Sagra (V.V.A.A., 1991a: 16).

1 Especialmente ricaz debeu ser para Paz-Andrade o traballo realizado para a FAO a partir do ano 1952, a carón do grupo de expertos da CEPAL (Comisión Económica para la América Latina), que dende o principio dirixiu o economista arxentino Raúl Prebisch. É ben probable que moitas das liñas principais da concepción *pazandriana* dos problemas e solucións para o progreso de Galicia procedan, en xermolo, dos debates e teses mantidas pola mencionada Comisión para as rexións de América Latina e o Caribe.

De certo Paz-Andrade coñece ben e interioriza os autores da Ilustración Galega e citaos con solvencia en distintos puntos da súa obra, sendo acaso o exemplo máis propicio para iso o *Estudio Preliminar* que escribe en 1982 para unha nova edición do *Ensayo de una Historia de los Peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia* (1788) do referido José Cornide (Cornide, 1983). Nese estudo preliminar fálanos dos “doce do XVIII”, ou sexa, dos doce eruditos galegos que se cadra por un azar caprichoso ven a luz primeira no noso país entre 1676 e 1735. Paz-Andrade enumera os protagonistas desa Ilustración dezaoitesca galega: á cabeza Feijóo, Sarmiento e Cernadas de Castro, Xoán Francisco de Castro, Xosé Cornide de Saavedra, o pai Sobreira, o cóengo Pedro A. Sánchez, Fernando de Sande e Lago, Lucas Xosé Labrada, o matemático Xosé Rodríguez González, Somoza de Monsoriu e Herbella de Puga. Dinos destes doce sabios que coinciden máis ou menos nunha mesma curva temporal aínda que dita coincidencia semella estar montada sobre o aire porque Galicia carecía dunha estrutura que puidera facer pensar que tal conxunción de mentes fose posible. Ademais, segundo Paz-Andrade, o xeito en que se dá a Ilustración en Galicia, a base de individualidades con intereses moi dispares e non sempre con preocupacións propias do país, non foi axeitado para consolidar unha escola de pensamento que puidera proxectarse nunha xeración subseguinte do que el denomina “elites epigonaes” (Paz-Andrade, 1983: 36 e ss.).

Para demostrar a filiación do pensamento de Paz-Andrade respecto do pensamento ilustrado pode resultar de utilidade pór en comparanza o que o noso autor di dos doce do XVIII co que el mesmo pretendeu transmitir nos seus escritos socioeconómicos tales como: *Galicia como tarea* (1959), *La marginación de Galicia* (1970) ou *La población y la depresión agro-económica de Galicia* (1972). Dos iluministas galegos salienta Paz-Andrade a loita común non acordada contra do “inmovilismo pegadizo e serodio da sociedade arcaica”, a “propedéutica da destratificación e o adianto científico” (Paz-Andrade, 1983: 36). A intención dos doce ilustrados é a de “provocar un proceso de remuda, tanto no país como na época”, constituíndo así un movemento de abertura da sociedade herdada “a prol do avance científico, acabando con o feitizo inmóvil da cultura tradicional.” (Paz-Andrade, 1983: 38). Abofé estas mesmas palabras poderían pronunciarse hoxe sobre o ideario de Paz-Andrade, quen traballou para que o pobo galego tomase conciencia dos males que o mantiñan ancorado a unha época premoderna e nun sistema precapitalista, e asumise unha posición activa a prol da modernización dos seus sectores produtivos e do aproveitamento dos seus recursos naturais e humanos. Galicia, segundo Paz-Andrade, tiña de acadar o progreso mediante unha fonda reforma e reordenación do sector agropecuario e unha aposta simultánea pola industrialización, porque só dese xeito podería redimirse da pobreza e da emigración. Se ben é doado atopar referencias aos autores ilustrados diseminadas por toda a súa obra, o que

verdadeiramente fai entroncar a Paz-Andrade coa liña de pensamento ilustrado é a confianza cega no progreso que alenta tralas súas páxinas.

Concedendo por ben probado o parentesco do pensamento de Paz-Andrade co pensamento dos devanceiros da Ilustración, cómpre analizar agora a xusteza da afirmación dunha presunta disidencia no seo do galeguismo de posguerra. Que a vida de Paz-Andrade sae un tanto do prototipo de vida do intelectual medio da época pódese demostrar doadamente percorrendo só algúns fitos do seu transcurso vital. Sendo moi novo, no ano 1921, participa na guerra do Rif; poucos meses despois, aos vinte e catro anos, atopámolo en Vigo dirixindo o xornal *Galicia* que, pola súa significación, ficará por sempre como un referente da prensa liberal do país; a súa destacada laboura como líder nacionalista e tamén o seu traballo como avogado da patronal do mar de Vigo válenlle o ser obxecto de varios atentados de signo distinto, sufrindo nun deles varios disparos dos que logrou recuperarse; pasou breves períodos na cadea por defender a liberdade de expresión fronte aos réximes autoritarios nos que lle tocou vivir; escribiu até os seus derradeiros días unha obra esixente tanto no ensaio coma na creación literaria e, na materialización de Pesca-nova, demostrouse a súa capacidade como home de empresa. Estes acontecementos e moitos outros que fican por mencionar conforman e son a un tempo expresión dunha personalidade afoutada, voluntariosa e lúcida. Unha personalidade rexa capaz de soste un criterio independente e facelo compatible cunha militancia comprometida na irmandade galeguista. Nunha personalidade así configurada non é estraño que, antes ou despois, xurda a disidencia, nunca a deserción, sobre todo contra da falta de siso que ás veces se apodera dos grupos sociais.

Polo que fai á faciana disidente ou discrepante de Paz-Andrade non se fará aquí excesivo fincapé pero, con todo, non se desbota a conveniencia de aclarar algunhas circunstancias vitais do protagonista que acheguen luz á comprensión do seu quefacer intelectual. O galeguismo, ou o nacionalismo galego se se prefire, ten manifestado decote unha marcada tendencia á idealización e á mitificación –chegando por veces até o extremo contrario de demonización– de persoeiros, acontecementos, xeografías e mesmo palabras ou obxectos. Se ben a dita tendencia é comprensible nun contexto de minoría en loita continuada contra do *Leviatán*, porén non deixa de resultar unha actitude antimoderna e proclive ao dogmatismo. Na comprensión das personalidades individuais e colectivas adoitan ter importancia os sentimentos de admiración, fidelidade e solidariedade, os tres abundantemente probados na intrahistoria do galeguismo, mais tamén son arreo explicativos outros sentimentos menos aireados aínda que tan humanos coma os anteriores, cal é o caso da discrepancia, a envexa ou o rancor.

Pola altura do ano 1945 o galeguismo político houbo de tomar algunhas decisións estratéxicas a fin de proxectarse no futuro do xeito máis adecuado e eficaz nun contexto escurantista e esmagador. Nese tempo sobrancean algunhas perso-

nalidades que dende a clandestinidade e no medio de grandes dificultades tentan reorganizar o galeguismo político e definir as novas liñas a seguir. O arquitecto Gómez Román, Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego ou Xaime Isla Couto son algúns dos nomes coñecidos. Destes intentos reorganizadores xorde un grupo director que máis adiante dará en chamarse “grupo Galaxia” –en referencia explícita á editorial galeguista fundada en 1950– e adóptase unha reorientación do movemento galeguista cara a un proselitismo de tipo cultural que buscaba influír nas novas xeracións que comezaban a se incorporar á vida adulta nunha masiva ignorancia da historia e a identidade galegas. O abandono relativo da vía política, de reivindicación da restauración democrática previa ao alzamento de 1936, remata por rachar cos vínculos xa por entón deteriorados entre os galeguistas do interior e os expatriados. Paz-Andrade, moi vencellado por unha banda aos galegos do exilio e da emigración –sobre todo aos de Buenos Aires– e concienciado das súas circunstancias, e por outra banda non sendo partidario de concentrar os esforzos nunha resistencia culturalista, inicia aquí unha disidencia silandeira respecto dos dirixentes galeguistas da posguerra que acadará tintes de soterrado desencontro persoal.

Se ben non semella que Valentín Paz-Andrade dese mostras máis ou menos públicas da falta de sintonía co grupo Galaxia, na súa correspondencia, nos seus escritos privados aos amigos, atopamos a presenza da súa opinión discrepante, mesmo expresada con verbas abondo duras. Sen dúbida un dos detonantes do desencontro xorde co nacemento en 1958 da *Revista de Economía de Galicia* por iniciativa dos homes de Galaxia e baixo a dirección de Xaime Isla Couto². Nela prescínlese dende o principio da participación de Paz-Andrade, á sazón un dos máis agudos entendedores da economía galega, e con quen si contaran seis anos atrás para a realización do cuarto número da colección *Grial* titulado *Aspectos económicos y jurídicos de Galicia*. Nunha carta de Paz-Andrade datada en abril de 1958 en resposta a outra de Blanco Amor fala o noso autor con comedido malestar dunha “Revista” que con toda probabilidade é a *Revista de Economía de Galicia*:

2 No limiar da edición facsímile de *Galicia como tarea*, Ramón Villares sinala o nacemento da *Revista de Economía de Galicia* como un “motivo de fractura tanto no interior coma no exilio” e relaciónao coa tentativa de constituír un Instituto de Economía de Galicia por parte do galeguismo de alén mar que, supostamente como contramedida, había capitanear Paz-Andrade (Paz-Andrade, 2012: XXI). De especial interese resulta o texto de Xaime Isla Couto incluído no libro *Homenaxe a Ramón Piñeiro* (V.V.A.A., 1991b: 51-66) no que nun ton lenemente alporizado, loa o labor de Piñeiro como guieiro do galeguismo e revólvese contra toda acusación de “culturalismo” ou “apoliticismo”. Sobre o desencontro do galeguismo interior-exilio, con Paz-Andrade polo medio, pódense consultar tamén as palabras de Díaz Pardo na homenaxe tributada ao autor pontevedrés en 1988 pola Academia Galega de Ciencias (V.V.A.A., 1991a: 53-56). Por último, a consulta do valioso traballo dos profesores Beramendi e Núñez Seixas (1995) tamén pode resultar clarificadora para quen queira afondar no coñecemento das circunstancias e vicisitudes do galeguismo na posguerra.

Supoño que non teño importancia d-abondo pra que a Revista a que te refires se faga contra min. Suspend-ela cando me chegou pol-a porta, como lle pasou a outros mais ou menos metidos no mundo económico de Galiza. Non me causou miga de estraneza o proceder, propio da xente que traballa en coto. A miserias semellantes xa vimos acostumados. Cecais mais que froito dos homes son do ambiente en que se deixan abalar. (Paz-Andrade, 1997: 125)

Dous meses máis tarde, en carta a Manuel Colmeiro, de xuño de 1958, escribe:

Teño novas indirectas de que os nosos amigos editaron un libro de Homaxe a Otero Pedrayo e peregrinaron a Trasalva, pra lle facer a entrega. Non conozo a obra. Tamén lanzaron dous números de “Revista de Economía de Galiza”, dos que tamén tuven coñecemento “a posteriori”. (Paz-Andrade, 1997: 128)

E, case un ano máis tarde, en carta de novo a Blanco Amor, de maio de 1959, aparecen as verbas se cadra máis duras cando di ao amigo:

También llegó el número enero-febrero de “Galicia”. Lo salva tu comentario sobre el homenaje impreso a Otero. Ahora están imprimiendo otro, dedicado también a nuestro asendereado señor de Trasalva. Y también se volverán a registrar las consabidas pretericiones y excomuniones, puesto que todo en torno a esta figura, llamada a más altos destinos, se viene sistemáticamente empujando y banalizando, por el sedimento de aldea corrosivamente inoculado en la estructura mental de ciertos cultos. (Paz-Andrade, 1997: 132)

Son palabras abondo expresivas, mais as cousas non chegarán a máis. Andando o tempo, no ano 1962, Paz-Andrade tamén contribuirá á *Revista de Economía de Galicia* cunha colaboración sobre desenvolvemento rexional, malia que iso non suporá a fin das desavinzas.

2. GALICIA COMO TAREA

Máis alá da dose tolerable de ingratidade con que toda organización social paga nalgún momento aos seus membros, o que verdadeiramente preocupaba a Paz-Andrade polo ano 1958 era a publicación da súa obra *Galicia como tarea*, na que tiña depositadas grandes esperanzas. *Galicia como tarea* é unha obra lúcida, intelixente no seu plantexamento e mesmo audaz nalgúns dos seus parágrafos. Antes de entrar a fondo na súa análise convén falar brevemente da súa xénese. En 1957 Paz-Andrade é invitado ás xornadas patrióticas que periodicamente celebra o Centro Galego de Buenos Aires e durante as cales o noso autor pronuncia unha serie de conferencias

de temática varia en distintos locais da comunidade. A sensación deixada nesas xornadas por Paz-Andrade semella que foi ben vizosa e a organización pídelle permiso para publicar as devanditas conferencias. Paz-Andrade accede e ponse de inmediato a reelaborar os textos e a dotar o conxunto dunha coherencia máis ou menos unitaria. O libro remata por publicarse en 1959 nas Ediciones Galicia, baixo os auspicios do centro Galego de Buenos Aires e os coidados de nada menos que Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo e Eduardo Blanco Amor. Na súa correspondencia privada cos amigos, Paz-Andrade non pode ocultar as elevadas expectativas acerca do impacto que a obra haberá de ter cando sexa coñecida en Galicia. En carta xa mencionada a Blanco Amor, de 9 de maio de 1959, Paz-Andrade amósase un chisco impaciente e aprema cordialmente o amigo para que o libro saia canto antes. Lamenta, ao tempo que nos revela un dos públicos ao que vai dirixido, que: “Ya se ha perdido la posibilidad de que circule entre los universitarios antes de que las vacaciones los dispersen”, e continúa dicindo “cuando haya algunos ejemplares disponibles, anticipa alguno por avión. (Paz-Andrade, 1997: 132)

Pese a que o libro aínda non está na rúa, Paz-Andrade xa ten amosado as probas de imprenta a un pequeno grupo de persoas da súa estima coas que mitiga a inqedanza propia da espera. Así llo comenta a Blanco Amor:

Aquí lo han leído, en pruebas o copias, amigos con opinión propia y solvente. Si dicen lo que sienten, el impacto puede ser profundo. Y a todos, los de aquí y los de ahí, nos hace mucha falta que se oiga con fuerte acento una disonancia, por igual apartada de la ortodoxia exterior e interior. Tenemos que intentar un tercer camino, los que no podemos marchar por ninguno de los que nos dictan. (Paz-Andrade, 1997: 132)

O libro sairá e atopará eloxios entre un bo número de personalidades da cultura e do pensamento tanto en Galicia como en América³, non obstante o impacto efectivo sería moi outro do que o autor agardaba. Sen dúbida no *Galicia como tarea* é unha obra sen parangón no pensamento galego do momento que, como atinadamente afirma Ramón Villares no limiar da recente edición facsimilar, non atopou moitos seguidores ou continuadores, nin tivo tampouco precursores próximos (Paz-Andrade, 2012: XII). Acáelle ben, por tanto, o membrete que lle coloca o profesor Villares de obra “singular e pioneira”, ou sexa unha obra soa no espazo cultural galego e orixinal ou arredada de todos os lugares comúns que sobre

3 Algunhas das personalidades que escribiron pública ou privadamente eloxios sobre *Galicia como tarea* quedan reflectidas na carta que Paz-Andrade envía a Isaac Díaz Pardo con data 13 de novembro de 1959 e publicada no seu epistolario (Paz-Andrade, 1997: 135-137).

os problemas de Galicia e de Galicia como problema viñan barallándose. Porén e a pesar do valioso do seu contido, *Galicia como tarea* –ao igual que acontece con *La marginación de Galicia*– é unha ponla seca prematuramente do pensamento social do noso país que, por circunstancias moi diversas, non atopou o público que tería merecido⁴.

Dificultades distributivas do libro en Galicia derivadas do feito de terse publicado na República Arxentina sumadas á falta de incentivo –léase simpatía– do *establishment* galeguista para divulgalo entre a membresía e as mocidades afíns, por non compartir as teses económicas defendidas no texto mais tamén por non lle dar pulos ao seu autor, ou o feito engadido de que a mocidade galega do momento tirase pola vía socialista e marxista no político e no económico⁵, descabalgan pronto das súas aspiracións esta obra ambiciosa e anovadora de seu.

Con todo, a conciencia de ter escrito un ensaio serio e analítico sobre os males que aqueixan á Terra, e de telo feito ademais dende un enfoque anovador estaba plenamente asumida e mesurada polo autor. De novo acudimos á súa correspondencia que, en carta dirixida a Díaz Pardo do 13 de novembro de 1959, nos amosa o seguinte parecer:

Deixo a persoal satisfacción a unha banda, pois o libro e somentes unha aprousimación ao que debera ser, mais ten un senso novo de tratar os problemas do país. Novo relativamente, pois con referencia a outras rexións non o é. Recibín algunhas cartas –Risco, Gallástegui, Prados Arrarte, García Martí, Isidro Parga, Moure Mariño, etc.– que, aparte das vosas, me dan a seguridade de estar no camiño e o tono que as cousas e os tempos imponen. (Paz-Andrade, 1997: 136)

-
- 4 A afirmación de que o *Galicia como tarea* non acadou a cifra de lectores agardada e que o pensamento socioeconómico de Paz-Andrade non achou continuadores ben merece unha matización. Se facemos caso do número de veces que o noso autor ou a súa obra socioeconómica é citada na literatura económica galega posterior e nas bibliografías científico-sociais todo conduciría a pensar que, en efecto, a súa laboura non deixou apenas pegada. Non é esa a realidade. A obra de Paz-Andrade foi máis lida e asumida do que se adoita pensar, como se desprende da lectura de moitos dos traballos posteriores sobre a economía de Galicia que parten esencialmente da diagnose do país por el practicada, aínda que só sexa para desenvolver a continuación unha análise de corte socialista, marxista ou cooperativista. Diríase que a súa obra socioeconómica vive *de incógnito* en moitos traballos dos anos 70 e 80, non explicitando os máis deles –como facelo?– a influencia dun autor tan (pro)capitalista. Por outra banda, as súas ideas non callaron tampouco –salvo contadísimas excepcións– nos destinatarios naturais do seu discurso, isto é, nas elites industriais e no empresariado autóctono, e eis un dos grandes fracasos da Galicia contemporánea.
- 5 Os traballos económicos da *Revista de Economía de Galicia* (1958-1967) e de autores como Xosé Manuel Beiras (1973), Ramón López Suevos (1980), os integrantes da Comisión de Estudos Galegos (1977), Fernando González Laxe (1977), A. Prada e A. López (1979), C. Barros e J. Vilas Nogueira (1985) e moitos outros dan boa mostra dos derroteiros que a ciencia económica galega había percorrer nos tempos subseguintes a Paz-Andrade e o considerable distanciamento teórico e metodolóxico respecto deste.

Deixemos aquí as circunstancias que arrodean a aparición de *Galicia como tarefa*, que non son ao cabo máis que metaliteratura e pasemos á súa análise de fondo. *Galicia como tarefa*, como asiadamente advertiu Cunqueiro, ten un aire de manifesto, un manifesto “que propón as labouras axeitadas nas leiras precisas pra (...) a restauración de Galicia, a reforma e renovamento do eido dos galegos.” (Paz-Andrade, 1978: 210). De certo, o ton programático que latexa tralas páxinas socioeconómicas de Paz-Andrade amósanos unha sorte de radiografía da situación do país ante o escenario global inaugurado após da II Guerra Mundial. Desa radiografía, reveladora de seu vista cos anteollos que nos empresta o autor, pásase á proposta da acción que Galicia debe seguir para conquistar a mellora material inaprazable que o pobo precisa. Para deter a sangría migratoria que por entón esgazaba –e aínda hoxe esgaza– o país até extremos ignorados pola maioría. *Galicia como tarefa* é o programa que Paz-Andrade nos presenta, mais tamén o entusiasmo para levalo a cabo.

Nas páxinas introdutorias da obra, Paz-Andrade manifesta o seu convencemento de que Galicia vive un tempo histórico novo baixo o que xacen as claves do porvir. Ora ben, ditas claves non son perceptibles a todos e a misión de captalas, que é tanto como dispoñerse a coller o temón da nación con conciencia e con método, corresponde á “vixilia propia de cada xeración”. É dicir, son os homes e mulleres de Galicia, e entre eles as elites, os que teñen que afastar nestas “horas estelares” todo o que sexan fins inesenciais e desorde ideolóxica co obxecto de centrarse na consideración activa dos problemas prioritarios que o tópico e o mito nunca deberan ter escurecido. Galicia nin é nin pode ser por máis tempo considerada “la verde esquina atlántica, alejada, fragmentada y empobrecida” (Paz-Andrade, 2012: 16), cómpre ollala dende unha nova perspectiva, dende a óptica das oportunidades que na sexta década do século XX se lle presentan. Os problemas primordiais de Galicia son para Paz-Andrade de tipo económico e industrial e, subsidiariamente, políticos, poboacionais, territoriais e culturais.

A misión dos galegos é conquistar un destino para Galicia, concepto que en Paz-Andrade non se asemella ao azar nin á predestinación, pois o destino tal e como el o comprende é o froito en boa medida da actitude activa ou pasiva dun pobo ante as oportunidades históricas aparecidas. Pero axiña advirte Paz-Andrade que decotío as flutuacións no destino dun pobo non só dependen del mesmo senón que son produto de accións ou tensións externas, esóxenas, que máis prexudiciais poden resultar canto menos desenvolvidas e aproveitadas teña un país as súas fontes básicas (recursos naturais, vantaxes locacionais, fertilidade demográfica ou calidades étnicas); cando determinadas servidumes lle zugan a vitalidade ou cando se erra no tratamento dos problemas atacándoos superficialmente ou cunha estreita mentalidade parroquial. Galicia é aínda, segundo Paz-Andrade, a promesa que albiscaron os ilustrados do século XVIII e XIX. É aínda unha cifra a desdobrar,

unha reserva case intacta historicamente desdeñada para a procura da prosperidade. Galicia autocontémplase –di Paz-Andrade– conforme coa estampa recibida, como un obxecto inamovible, petrificado pola historia, incapaz de considerarse dende ángulos activos, acaso pola carencia dun pensamento ben articulado co poder de mudar unha interpretación caduca por outra acorde ao noso tempo. Do que nos fala, ao cabo, é do subdesenvolvemento, aínda moi vivo na Galicia dos 60, ou se se quere, da resistencia do noso país a entrar plenamente na modernidade. Como primeiro paso para remover as eivas que afunden máis e máis o país propón un cambio de mentalidade. Di o noso autor que non debemos entender Galicia como algo que nos foi dado irremediamente feito, senón como algo que temos de facer ou refacer todos os días. En definitiva, Galicia é a nosa tarefa, e non só unha tarefa imposta pola paixón ou o romanticismo, senón unha tarefa imposta pola obxectiva posibilidade do progreso ao que pode conducirnos o guieiro da razón e a vontade colectiva de facer. Paz-Andrade proponse alumear o camiño ao pobo ao que pertence e é precisamente esa actitude, ilustrada e reformadora, a que o emparenta co iluminismo de todos os tempos.

Se ben reconece Paz-Andrade que noutros intres históricos claves Galicia acadou conquistas positivas, certas taras seculares que oprimen a existencia do país apenas se teñen removido: “La evolución social de la masa hacia más altas escalas no ha progresado sensiblemente. Como si un lastre subyacente e invulnerable contrarrestara los impulsos de interna superación” (Paz-Andrade, 2012: 18). Para Paz-Andrade o mal que sofre a Galicia do seu tempo é evidente, o feito de que unha inmensa parte da poboación se concentre nunha actividade agrícola de baixa produtividade e arcaica concepción, pauperizante do estamento campestre, mantén os galegos moi por baixo do nivel de vida que positivamente podía acadarse. Non obstante, o galego non é un vencido, as súas virtudes étnicas non se resignan ao envilecemento, opón o transvase ao amoreamento e ao estancamento social, e como resposta individual aos desaxustes colectivos afronta o risco da dispersión migratoria. Mais por esa vía marchan as enerxías do pobo, as que debían empregarse na restauración do seu dereito á prosperidade (Paz-Andrade, 2012: 18-19). Sobre a emigración di Paz-Andrade:

En la cronicidad y masividad de tal secuela culmina el drama máximo de la existencia gallega. Durante el último medio siglo [ou sexa, de 1900 a 1950] han renunciado a vivirla mucho más de un millón de personas, computando solamente las emigradas tras del telón azul. (Paz-Andrade, 2012: 19).

3. A EMIGRACIÓN

O retrato socioeconómico que Paz-Andrade realiza das eivas do país sobresaen non tanto por descubrir os males que sofre Galicia como polo enfoque orixinal dende o que os contempla. Que a emigración, por exemplo, era un dos nosos grandes males xa o sabían ben os galegos anteriores a Paz-Andrade, pero restaba por facer unha análise seria do fenómeno que discriminase características, causas e consecuencias. Paz-Andrade fará esa análise dende a perspectiva da chamada demografía económica, do mesmo xeito que na consideración do potencial enerxético de Galicia e dos seus recursos naturais empregará unha perspectiva próxima á xeografía económica, ou na pescuda dos sectores produtivos galegos aplicará a teoría do desenvolvemento. Aí radica boa parte da innovación, o resto do mérito haino que buscar na súa intelixencia activa e na responsabilidade colectiva que el sentiu e asumiu para co seu pobo.

Sostén Paz-Andrade que a emigración galega é un fenómeno producido por causas exclusivamente económicas ou subsistenciais, que desgraciadamente vai apuntando carácter secular, e que incide decisivamente na estrutura demográfica do país zugándolle os azos, roubándolle para o presente, pero aínda máis para o futuro, a vitalidade. Para o noso autor, poboación e produción van xunguidas nun equilibrio clave, estratéxico, de xeito que o ter lanzado Galicia durante décadas os seus homes e mulleres á diáspora –e en concreto á de alén mar– é a un tempo consecuencia e causa da falla de desenvolvemento económico do país. A emigración nútrese selectivamente dos grupos de poboación activa e o gran continxente de emigrantes marcha da Terra maioritariamente en idades comprendidas entre os 15 e os 40 anos. Non marchan os excluídos sociais, os desarraigados, os que marchan “son vidas asentadas, limpias, pletóricas”, a inmensa maioría procedentes do medio rural, da aldea, “cepa madre de las mejores enerxías de nuestra raza”.

E insiste Paz-Andrade na mesma idea:

La emigración no se nutre de la población total de Galicia. Se nutre, casi exclusivamente, de la población activa. Con élla no se pierde sólamemente un certo número de habitantes. Se pierde forza de traballo, capacidade e iniciativa, espírito de empresa... Se van aqueles que acumulan en su mente, en su músculo, ambición y enerxía vital, deixando atrás a los desalentados antes de iniciar la lucha (Paz-Andrade, 2012: 48).

Dende unha perspectiva puramente economicista, Paz-Andrade afirma que cada leva de emigrantes equivale a unha exportación de capitais para o país emisor, xa que este entrega sen contraprestación ao país receptor o custo da crianza,

da educación e da formación do emigrante, por rudimentaria que sexa. Cada emigrante supón para o país de orixe un custo que pode e debe ser cuantificado⁶. En calquera caso, reconece Paz-Andrade, esa perda non é o efecto máis grave da emigración.

Polo que fai á muller galega, a emigración actúa dobremente sobre ela. Por unha banda atopa Paz-Andrade unha emigración feminina próxima ao 40% do total e en tendencia crecente. A muller emigrante padecería, xa que logo, as dificultades xerais de quen se trasterra a un medio alleo cando non hostile. Por outra banda, a muller que fica na Terra vese convertida nunha *viúva de vivo*, moitas veces de por vida, á que ademais se lle redobra o traballo por ter ao seu cargo a familia –vellos e nenos–, a casa e a leira. Este drama social converte a señora en escrava –di Paz-Andrade–, polo que o único plantexamento cristianamente auténtico é cancelar esa viuvez artificial devolvendo o marido á muller abandonada e facilitando á familia unha existencia digna na terra onde arela vivir.

Se cinco sextas partes da poboación de Galicia moran en núcleos de carácter rural, continúa razoando o noso autor, e só unha minoría o fai nos núcleos urbanos, resulta posible afirmar que a poboación galega é –no ano 1958– principalmente campesiña. Dito doutro xeito, cinco sextas partes da poboación galega viven en relación a un sistema produtivo precapitalista. O estancamento arredor dun sistema de baixa produtividade e de emprego de métodos arcaicos explican –ao dicir de Paz-Andrade– as causas da pobreza do pobo galego. A fuxida desa pobreza provoca a sangría migratoria que atura resignado o país, mais, pensa Paz-Andrade, pagaría a pena recoller a idea da *gran cidade atlántica* formulada no século XIX por Faraldo –a *Barcelona do Océano*, dicía este– que, por falta de visión e habilidade política dos dirixentes pretéritos, Galicia non foi quen de conquistar. Unha gran cidade atlántica, un complexo urbano-industrial que, coas súas incomodidades e as súas regalías, fose porto chave de todo o comercio entre América e Europa e que puidera, hipoteticamente, absorber os fluxos de migrantes que, ao cabo, rematan por marchar. Persiste a emigración e con ela a dispersión demográfica no país e a despoboación, que xa daquela apuntaba o autor: “La aldea resiste, a veces, con las casas vacías. En todo caso, resignada a la impotencia y al atraso” (Paz-Andrade, 2012: 47). Aínda que, como reflicte Paz-Andrade, a poboación urbana de Galicia medra a bo ritmo na primeira metade do século XX, unha poboación rural tan elevada como a que por entón se rexistraba parecía sinalar de novo a resistencia de Galicia a incorporarse á modernidade.

As décadas dos 50 e os 60 traen para Galicia novas transformacións socioeconómicas e demográficas que Paz-Andrade abordará en ensaios posteriores como

6 Baseándose en cálculos feitos por especialistas como Fromont ou Sauvy para outras xeografías, Paz-Andrade chega á conclusión de que, no ano 1958, cada emigrante galego cústalle ao país unhas 35.000 pesetas.

La marginación de Galicia (1970) ou *La población y la depresión agro-económica de Galicia* (1972). Na década dos 50 recrúa a emigración de ultramar co *boom* de Venezuela, que contabilizará aproximadamente 237.000 emigrantes. A partir do ano 1963, as “tragadeiras do éxodo” van abandonando o destino americano para se orientar cara a unha emigración continental (Alemaña, Suíza, Francia) e intrapeninsular de intensidade considerable.

4. PARA O DESENVOLVEMENTO REXIONAL

Mudando a mirada, o campo preséntaselle a Paz-Andrade como un dos problemas estruturais de Galicia. A dispersión e o minifundio son os seus signos característicos, aos que hai que sumar a falla de terra dispoñible e o excedente de brazos e bocas que del dependen: “Poco agro para mucha gente” –ditamina para a Galicia de 1958 (Paz-Andrade, 2012: 67)⁷. A excesiva división da propiedade fundiaria vén vencellada á aglomeración demográfica e condiciona especialmente o baixo nivel de tecnificación dos traballos agropecuarios, que Paz-Andrade ve reflectido nunha serie de indicadores tales como: a supervivencia do arado romano, a escasa fertilización artificial, a estabulación inadecuada, a insuficiente selección xenética de sementes e patróns gandeiros ou o retardo da inseminación artificial. A teor do baixo índice rexistrado de produtividade por persoa activa e do elevado índice de produtividade por hectárea cultivada no caso galego, o diagnóstico é concluínte, a finais da década dos 50 no campo galego sobra xente.

Precisamente é sobre esa xente que “sobra” no campo pola que ha de principiar todo intento de desenvolvemento económico de Galicia. En troques de permitir –léase incentivar– que os excedentes demográficos do rural rematen saíndo polo aliviadoiro da emigración, Paz-Andrade amósase partidario de reter no país toda esa enerxía humana enfocándoa ás cidades e aos sectores produtivos secundarios e terciarios de maior produtividade. Di Paz-Andrade:

Se trata, en suma, de canalizar la inevitable desintegración del complejo rural, hacia la integración urbana. Abriendo a la mano de obra sobrante nuevos campos de trabajo, abonados por el capital y fertilizados por la técnica, la industria, los transportes, el comercio, los servicios... (Paz-Andrade, 2012: 75).

7 A partir de 1962, como consecuencia dos plans estatais de desenvolvemento industrial que viñan concentrar os esforzos industrializadores en polos como A Coruña e Vigo, agravarase o éxodo rural e darase unha escaseza de man de obra agraria que producirá unha suba dos salarios até o punto que moitas pequenas explotacións, non podendo contratar eses traballadores necesarios, optan por abandonar a actividade e sumarse os seus homes e mulleres ás correntes do éxodo cara ás cidades e da emigración continental e peninsular.

Grosso modo a idea do noso autor é que o excedente de poboación rural debía canalizarse cara á produción industrial e ao sector servizos, localizados nos núcleos urbanos de Galicia, producindo bens e servizos que acheguen un maior valor engadido, elevando o nivel de vida dos galegos e facendo medrar dese xeito a súa renda e o seu consumo. Velá a proposta, que para frutificar debería obter o seu reflexo no deseño de políticas concretas e na vontade política suficiente para levalas a bo termo. Mais Paz-Andrade non é un inxenuo e sabe das moitas dificultades existentes. O noso autor comeza por dar conta da febleza do tecido industrial galego, coa soa excepción da pesca, e da pouca relevancia do comercio e do sector servizos en xeral nas catro provincias galegas. Mediante o cotexo de indicadores socioeconómicos –demanda enerxética ou consumo de cemento– e datos macroeconómicos como a renda nacional *per cápita*, Paz-Andrade chega á argumentación do subdesenvolvemento de Galicia, denunciando paradoxos tales como que nas provincias de Lugo e Ourense existen en 1958 preto de oitenta concellos sen luz eléctrica pese a ser estas as provincias máis explotadas para a produción hidroeléctrica. Neste estado de cousas a pregunta xorde por si soa: como canalizar o excedente de poboación campesiña cara a unha industria inexistente?

Pois ben, Paz-Andrade non ten unha resposta mesiánica a dita pregunta, pero acerta a ver a potencialidade de Galicia para ser –unha vez máis– escenario dun milagre, o milagre da auga nesta vegada. Paz-Andrade sinala en 1958 o espreguizar dunha *conxuntura única* para a industrialización de Galicia:

...sería burda invidencia no advertir que estamos ante una coyuntura única para evolucionar desde una economía agraria primitiva a una economía industrial proporcionadamente desarrollada. Una coyuntura única para que la angustia campesina cese, la despoblación se contenga, el nivel general de vida aumente, la gran ciudad se desarrolle con maior celeridad y el destino del país cambie de signo en pocos años. (Paz-Andrade, 2012: 89)

Non obstante, a constatación da conxuntura non é garantía do seu aproveitamento, é só unha posibilidade a conquistar. Para iso cómpre reclamar unha posición activa no país. O fenómeno conxuntural que, segundo Paz-Andrade, revoluciona a paz e altera a beleza da paisaxe galega é a oportunidade nese preciso intre histórico para a produción hidroeléctrica nos esquecidos ríos galegos. Polo ano 1958 pensa Paz-Andrade que, ao posuír Galicia man de obra abundante e importantes fontes de enerxía, o abaratamento de custos derivado desa circunstancia actuaría como reclamo a múltiples industrias para radicarse no noso territorio –o que el denomina “vantaxes locacionais para a industrialización”–, posibilitando así o despegue industrial. Para o ano 1970, no que sae do prelo *La marginación de Galicia*, o entusiasmo amosado doce anos atrás no *Galicia como tarea* sobre o milagre

da auga doce tiña remitido por completo no ánimo do noso autor. Unha inxusta política tarifaria da enerxía que privilexiaba as rexións consumidoras fronte ás rexións produtoras significaba, antes que un agravio máis a engadir a unha longa lista, unha nova oportunidade frustrada para a consecución do desenvolvemento económico da Galicia.

Cómpre dicir pese a todo que, se ben o ánimo capitalista⁸ e industrialista é notablemente decidido no sistema de pensamento *pazandradiano*, non é en absoluto desmedido. El fala de adquirir “una estructura industrial proporcionada a sus [os de Galicia] recursos explotables” (Paz-Andrade, 2012: 92). Noutro lugar interrógase a si mesmo sobre os límites que, no seu caso, debera respectar a hipotética industrialización de Galicia e, previo recoñecemento de que non se trata dunha panacea universal, escribe: “La industrialización no se entiende aquí como un fin. Se entiende como un medio de lograr el desarrollo económico, y para utilizar en la escala que proceda. Aquella escala cuyo nivel dicten las necesidades sociales a satisfacer” (Paz-Andrade, 2012: 116). Por tanto, si existe en Paz-Andrade un certo fervor industrialista, pero el mesmo era consciente de que emprender un proceso industrializador sen afrontar simultaneamente a gran reforma (reorganización, recapitalización e tecnificación) que precisaba o agro galego non só non erradicaría as eivas económicas de Galicia, senón que aínda agravaría a prostración da clase máis numerosa da poboación galega. A industrialización, dinos noutro traballo posterior, non impide o avance da devastación rural nin enche as fendas da estrutura demográfica, pola contra, acelera os seus efectos (Paz-Andrade, 1972: 53).

5. O PROBLEMA DO CAPITAL

Na opinión de Paz-Andrade a remodelación urxente da estrutura produtiva que demanda Galicia para saír do atraso, pasa necesariamente por unha máis sostida e copiosa cooperación do capital que, posto que resulta insuficiente o aforro rexional ou interior, terá de atraer e fixar capital foráneo. Paz-Andrade observa que unha banca rexional pouco desenvolvida e dependente en exceso das remesas de diñeiro provenientes da emigración amósase incapaz de servir como motor de progreso para o país. Sinala asemade a unha crise de imaxe de Galicia, que dende os grandes centros financeiros é ollada como unha terra distante, como unha mansa rexión arrecunchada na brétema e pouco atractiva ao investimento, en troques de ser considerada efectivamente como a terra continental europea máis próxima a América, con netas vantaxes locacionais. Desa crise de imaxe puidera ter algunha

8 Boa proba do ideario capitalista de Paz-Andrade pode ollarse no interesante prólogo que este escribe para a biografía de Eloy Domínguez Vêiga, elaborada por González Luengo (1963). A este opúsculo un tanto esquivo puiden chegar grazas a unha das *Comunicacións mesturadas* de Luís Seoane (Vigo: Galaxia, 1973), que resultou case que providencial.

responsabilidade a presunta pasividade do pobo galego –despouído sistemáticamente das súas mentes e do seu músculo mellores–, pero Paz-Andrade apunta como maior responsable á concepción unilateral que converte a Madrid no eixo e que viría traducido en termos políticos en centralismo estatal. Di Paz-Andrade: “mientras el “manto financiero” [...] no se tienda hacia el Noroeste, el problema seguirá en pie” (Paz-Andrade, 2012: 113). Faise de novo visible a necesidade de remover as barreiras institucionais políticas ao desenvolvemento como paso inaprazable para lograr o progreso material.

Paz-Andrade engade que Galicia precisa dun maior investimento público, tendo en conta o grao de subdesenvolvemento que padece e a relevancia do seu territorio e da súa poboación no conxunto estatal. Demanda unha maior participación do estado –a través do INI– en empresas integramente galegas para darlle a volta a unha tendencia marxinalista que mesmo pode aparelar unha descapitalización reflexa do país. Andando o tempo, tamén os macro-investimentos e o creto oficial hanse converter noutra das reclamacións incorporadas e argumentadas por Paz-Andrade na súa valiosa e aínda viva obra socioeconómica. Obra na que o noso autor non deixou de profundar con fina intelixencia até os seus derradeiros días.

CONCLUSIÓN

A xeito de resumo moi sintético e tentando unha breve recapitulación sobre o dito ha de incidirse no feito de que Paz-Andrade identifica tres grandes problemas que impiden o desenvolvemento económico de Galicia e que, sobre todo, condenan o pobo galego a un baixo nivel de vida: a emigración, os atrancos políticos propios e estatais e a falta de atractivo de Galicia para o capital externo.

En primeiro lugar, a emigración, secular xa entre os galegos, vén debilitando fonda e sistemáticamente a capacidade de traballo do país e, por tanto, o seu desenvolvemento potencial. Ademais socava a estrutura demográfica, condicionando o futuro do país cara a un envellecemento progresivo, o que contribúe a incrementar e non a reducir os males do subdesenvolvemento. En segundo lugar, os atrancos estatais derivados da estratexia de fomentar o desenvolvemento dunhas rexións determinadas en detrimento doutras, resulta tamén desfavorable para Galicia e fai que as súas potencialidades locacionais ou ben sexan desaproveitadas ou ben espoliadas. Nin a gran cidade atlántica, porto potencial para todo o comercio entre América e Europa, nin o aproveitamento da produción hidroeléctrica nos ríos galegos para a implantación de industrias no país, nin a posibilidade dunha industria agropecuaria forte afogada polo minifundismo e o arcaísmo tecnolóxico teñen sido realidade por falta de visión e vontade políticas non sempre achacables ás clases dirixentes do país. E, en terceiro lugar, a crise de imaxe que vive Galicia, ollada como un lugar arredado e pouco atractivo para o capital, coa soa excepción

da industria pesqueira-conserveira, e incapaz de atraer e fixar capital foráneo, é para Paz-Andrade, outro dos hándicaps principais que cómpre remover.

A particular interpretación da figura de Paz-Andrade que se pode tirar deste traballo leva a ver na súa obra de temática socioeconómica un epifenómeno da acción política. Dito máis sinxelamente, a obra socioeconómica *pazandradiana* leva encuberta unha denuncia política que reclama, no medio dun envoltorio de cifras, estatísticas e datos obxectivos, o dereito dos homes e mulleres de Galicia a vivir dignamente na Terra en que arelan vivir. O dereito a escoller libremente, e non empurrados pola presión da pobreza, se queren ou non desenvolver as súas capacidades laborais e emprendedoras na terra natal. (E é esta unha cuestión máis actual do que se pensaría a priori.) O que fai Paz-Andrade no ano 1958 con *Galicia como tarefa* é un chamado de atención que constitúe en si mesmo a proposta dunha caste de *nacionalismo industrialista*, un modo de ser modernamente nacionalista, que asume o xogo do capitalismo mesurado e que se opón en moitos aspectos ao nacionalismo historicista e tradicionalista, que achan a súa cerna e raizame identitaria no remonte secular da historia e da tradición. Paz-Andrade avoga por un progreso material que ha traer un progreso identitario e non ao contrario, pero o certo é que a proposta de Paz-Andrade non callou na sociedade galega que polos anos 60 e 70 andaba a xermolar. O cambio de paradigma que Paz-Andrade propuña para o nacionalismo galego ficará ensombrecido polo ascenso dun nacionalismo de corte marxista que si prende na xuventude galega e que será o que dirima os vieiros do galeguismo contemporáneo. Por dicilo cunha frase máis ou menos redonda, o pensamento socioeconómico de Paz-Andrade representa un novo nacionalismo que non foi para unha Galicia que aínda agarda.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Barros, Carlos e José Vilas Nogueira (eds.) (1985): *Dende Galicia: Marx*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Beiras, Xosé Manuel (1973): *O atraso económico de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Beramendi, Justo G. e Xosé Manuel Núñez Seixas (1995): *O nacionalismo galego*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Comisión de Estudos Galegos (1977): *Plataforma pola industrialización de Galicia: unha alternativa democrática pra economía galega*. Madrid: Akal Editor.
- Cornide, José (1983; e.o. 1788): *Ensayo de una Historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Freixanes, Víctor F. (1982, e.o. 1976): *Unha ducia de galegos*. Vigo: Editorial Galaxia.
- González Laxe, Fernando (1977): *Desenrolo capitalista e crise pesqueira*. A Coruña: Imprenta Comercial.

- González Luengo, Juan Manuel (1963): *Biografía. Eloy Domínguez Veiga*. Vigo.
- López Suevos, Ramón (1980): *Do capitalismo colonial*. Santiago de Compostela: Edicións do Cerne.
- Paz-Andrade, Valentín (1958): *Sistema económico de la pesca en Galicia*. Buenos Aires: Editorial Citanía.
- (1959): *Galicia como tarea*. Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires. Reedición facsimilar en Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Estudo introdutorio de Ramón Villares.
- (1970): *La marginación de Galicia*. Madrid: Siglo XXI Editores.
- (1971) *El capital como factor del desarrollo de Galicia*. La Coruña: Banco del Noroeste.
- (1972) “La población y la depresión agro-económica de Galicia”, en Terceiro (ed.), *Problemas y soluciones del desarrollo económico de Galicia*. Madrid: Zero.
- (1978): *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*. Sada: Edicións do Castro.
- (1982): *Castelao na luz e na sombra*. Sada: Edicións do Castro.
- (1983): “Estudio preliminar”, en J. Cornide, *Ensayo de una Historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia*. A Coruña: Edicións do Castro.
- (1997): *Epistolario*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Prada Blanco, Albino e Abel López Rodríguez (1979): *A outra economía galega*. A Coruña: Artes Gráficas Clave.
- R.E.G. (*Revista de Economía de Galicia*) (1968): *Economía e sociedade en Galicia 1958-1967*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Seoane, Luís (1973): *Comunicacións mesturadas*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Terceiro, José B. (ed.) (1972): *Problemas y soluciones del desarrollo económico de Galicia*. Madrid: Zero.
- V.V.A.A. (1991a) *Homenaje a Valentín Paz Andrade*. Vigo: Diputación Provincial de Pontevedra.
- (1991b) *Homenaxe a Ramón Piñeiro*. A Coruña: Fundación Caixagalicia.

Outras fontes

Arquivo Sonoro de Galicia. Consello da Cultura Galega.
www.valentinpazandrade.com/gl/multimedia/audios
www.valentinpazandrade.com/gl/multimedia/v-deos